

Control de Sociais

Selecciona a resposta correcta:


A HIDROSFERA É:

- O conxunto de toda a auga que contén a terra.
- O conxunto de toda a auga en estado líquido que contén a terra.

OS CINCO OCÉANOS DO PLANETA SON:

- Ártico, Antártico, Mediterráneo, Pacífico e Atlántico.
- Ártico, Antártico, Pacífico, Atlántico e Índico.

Sitúa os cinco océanos no mapa



Verdadeiro ou Falso?

- A maior parte da auga da superficie terrestre é doce. ☐
- A principal reserva de auga doce do planeta áchase en forma de xeo nos glaciares e nos casquetes polares. ☐

Onde atopamos auga doce? Escribe o nome que corresponda a cada definición.

- Masa grande de xeo que se forma na parte alta dunha montaña:
- Augas suberráneas acumuladas baixo o chan:
- Masas de auga rodeadas de terra:
- Correntes naturais de auga:

Une coa súa definición:

**CURSO
ALTO**

Neste tramo o río circula polas zonas chairas. O leito é máis ancho e aumenta o caudal gracias aos afluentes.

**CURSO
MEDIO**


Neste tramo a auga discorre a gran velocidade. O caudal é escaso.

**CURSO
BAIXO**

Este é o tramo con maior leito e caudal. O río deposita os materiais que arrastrou anteriormente.

Que diferencia hai entre o caudal e o leito dun río?

Indica as partes do río



Sitúa no mapa os seguintes ríos:

TAMBRE

ULLA


MIÑO

EBRO

GUADALQUIVIR



Cales son os principais contaminantes da auga?



Coloca cada frase na columna correspondente

MAREAS

**Fórmanse na
superficie do mar ou
do océano a causa do
vento**

**Ascensos e descensos
do nivel das augas dos
océanos e dos mares**

ONDAS

**Grandes ríos que se
moven a través dos
océanos**

**Dependen da
velocidade, da duración
e da dirección do vento**

CORRENTES MARIÑAS

Infúen no clima

**Teñen dúas fases:
preamar e baixamar**